



**Miño
Merece
Máis!**

**PROGRAMA DE GOBERNO
ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2023**

**MIÑO
MERECE
MÁIS!**



CANDIDATURA DO BNG PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS



1. **Alberte García Nicolás**
2. **Jonás Vidal Pena**
3. **Icía Abraira Castro**
4. **Isabel Gómez Rodríguez**
5. **Ana Rial Chorén**
6. **Paulo Filgueiras Fachal**
7. **Tania Casás Freire**
8. **José Medín Espiñeira**

9. **Rosa Grueiro Bouza**
10. **Alberto Valiño Martínez**
11. **Carlos González Graña**
12. **Carme Blanco Gómez**
13. **Henrique Abraira Sobrado**

Suplente

1. **Seila Barros Amor**



**Miño
Merece
Máis!**





Cada parroquia conta

O Concello debe achegarse á veciñanza e a veciñanza debe achegarse ao Concello. Realizaremos encontros periódicos nas 8 parroquias do noso concello para dar a coñecer os diferentes proxectos que está a levar a cabo o Concello e escoitar de primeira man as suxestións, preocupacións e problemas da veciñanza, facendo do Concello unha administración realmente próxima as miñesas e miñeses e que non faga diferencias de trato por cuestións xeográficas.

Facilitar e promover a asistencia ao Pleno Municipal

Celebraremos os plenos municipais polas tardes, facendo o anuncio con suficiente antelación. Ademais, crearemos o “Escano Veciñal”, unha quenda de rogos e preguntas da veciñanza nos plenos da corporación para que esta poida participar directamente no órgano que expresa a vontade popular.

Orzamentos participativos

O fondos da administración son fondos que saen do esforzo de todos e todas nós, dos nosos impostos, e sobre eles tamén queremos decidir como deben ser xestionados e a que deben ser destinados. Faremos partícipe a todas e todos na elaboración dos orzamentos anuais, escoitando as demandas da veciñanza, das asociacións, das entidades e dos colectivos.

Mellora da “Liña Verde”

Debemos garantir que a “Liña Verde” sexa unha canle verdadeiramente funcional e bidireccional entre o Concello e a veciñanza, onde todas as persoas poidan consultar todo o referente ao uso dos bens e servizos públicos.

Democratización dos medios de comunicación municipais

Tanto a web municipal como os boletíns informativos do concello estarán abertos aos diferentes grupos políticos e asociacións. Regularemos os seus usos para que pasen de propaganda a información, ofrecendo unha comunicación máis independente e plural. Ademais, manteremos a web municipal actualizada para que toda a veciñanza poida consultar a información referente a orzamentos anuais, conta xeral, proxectos municipais...

Respectar a laicidade da institución Municipal

Miño, como moitas outras vilas e cidades galegas, é unha localidade complexa na que habitan persoas de diferentes procedencias e distintas crenzas. A todas elas debémonos e ante todas elas actuaremos co debido respecto, facendo uso do principio de laicidade e de neutralidade relixiosa.

Memoria Histórica

O Concello debe converterse no catalizador da recuperación dos nomes de homes e mulleres que loitaron polos valores democráticos máis básicos en Miño. A verdade, a xustiza e a reparación deben ser os piares sobre os que recuperar os nomes destas persoas represaliadas, algunhas pagando coa propia vida.

**Castro
Merece
Máis!**



VIVENDA E URBANISMO

Miño é un dos municipios con maior índice de vivendas baleiras da nosa comarca. O noso concello sufriu unha importante presión urbanística durante a febre do ladrillo dos anos 90 do século pasado e os primeiros 2000. Máis de unha de cada catro casas está desocupada, segundo os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais da Deputación.

No BNG apostamos por afastarnos da especulación urbanística e ir cara un modelo máis humano e democrático dos espazos públicos.

Redacción dun novo PXOM

O actual Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) é herdeiro do boom do ladrillo, o mesmo que sumiu ao Concello nunha fonda crise económica e que hipotecou a nosa vida por máis de 30 anos. Debemos aprobar un novo PXOM para reorientar o urbanismo da nosa vila cara un novo modelo máis humano, responsábel co medio ambiente, accesíbel e que se axuste as necesidades reais da nosa localidade.

Elaboración dun plan de fomento do dereito á vivenda e da rehabilitación e a renovación urbana.

Creación dun censo de casas e vivendas baleiras no noso concello.

Crear un banco público de vivenda de aluguer a prezo taxado para facilitar poñer en contacto as persoas que buscan vivenda coas propietarias.

Eliminar toda bonificación do IBI municipal ás vivendas baleiras propiedade do FROB e entidades financeiras.

Promover a recuperación para uso público da antiga escola de Gallamonde.

Crear novas zonas verdes e parques.

MEDIO AMBIENTE E PROTECCIÓN ANIMAL

Mellora da recollida selectiva e redución en orixe dos residuos

Traballaremos por un novo modelo de xestión de residuos baseado na redución en orixe do volume de residuos, o que minimiza a recollida, transporte e tratamento dos mesmos. Ademais, implantaremos medidas concretas como composteiros ou recollida porta a porta, máis sostíbeis e económicas para o concello.

Saneamento e rexeneración da Ría de Betanzos

Vilanova
Merece
Máis!



Naturalización urbana e mantemento da biodiversidade

Conservación de espazos naturais e zonas verdes, como a declaración como Espazo Natural de Interese Local (ENIL) das marismas do Baxoi e a súa inclusión na Rede Natura, ademais da creación de novas áreas naturalizadas.

Educación e participación ambiental

A política ambiental precisa do apoio da poboación para garantir resultados no que ten que ver cos residuos, zonas verdes e espazos naturais, mobilidade, eficiencia enerxética... por iso, desde o concello elaboraremos programas de educación ambiental e daremos apoio a iniciativas veciñais e asociativas para educación e protección do medio ambiente e natureza. Dentro deste plan educativo, colaboraremos estreitamente cos centros de ensino da nosa vila, como o CPI Castro Baxoi ou as escolas infantís.

Plan de benestar animal

Poñeremos en marcha un plan municipal que garanta o benestar animal, con dúas vertentes principais:

- Colaboración con entidades sen ánimo de lucro para o control, custodia e atención de colonias felinas.
- Creación de parques para cans, comezando polo demandado en Costa Miño e a delimitación na praia da Ribeira dun espazo para o uso canino ao longo de todo o ano.

MOBILIDADE

Posta en marcha dun “taxi de punto”

Poñeremos en marcha un servizo permita conectar as diferentes parroquias cos servizos que ofrece a vila de Miño, como supermercados, farmacias, bancos, salóns de peiteado ou comercios. Será un servizo baixo demanda e que substituirá o deficiente servizo de autobús.

Demandaremos unha mellora da infraestrutura e unhas frecuencias xustas para poder utilizar o transporte ferroviario así como a mellora do servizo de bus.

Estudar a peonalización dalgunhas rúas do centro de Miño, como o tramo aberto ao tráfico da rúa Real ou as inmediacións das pistas do Rabazal, aumentando a seguridade viaria nas zonas moi transitadas e arredores de parques infantís e pistas deportivas.

Ampliación dos aparcadoiros disuasorios na tempada estival que eviten a conxestión do tráfico na vila.

Eliminación da ORA en todo o municipio

Posta en marcha e sinalización dunha rede de roteiros prioritarios para peón e bicicleta que interconecten as parroquias do municipio.

**Miño
Merece
Máis!**



Mellora da accesibilidade dos centros municipais e erradicación dos obstáculos, garantindo que as persoas con diversidade funcional poidan desfrutar dos seus dereitos como calquera veciña sen que a falta de adecuación do seu contorno e as diferentes barreiras que atopan no seu día a día sexan un impedimento.

SERVIZOS PÚBLICOS

Asistencia sanitaria

Esixiremos da Xunta persoal para uns servizos públicos dignos, como a dotación dun servizo de pediatría propio ou a ampliación ao horario de tarde do servizo de medicina de familia.

Servizos Sociais

- Demandaremos o estudo e construción dun centro de maiores comarcal na antiga escola de Gallamonde.
- Melloraremos o Servizo de Axuda no Fogar e estudaremos a prestación do servizo de forma directa desde o Concello.
- Posta en marcha de programas de envellecemento activo nos locais sociais e en colaboración coas asociacións.
- Pular pola aplicación íntegra da lei de dependencia, garantindo os dereitos derivados desta lei ás persoas en situación de dependencia.
- Revisión e ampliación do convenio do Centro de Día da Regueira.

Educación

- Mellora do convenio ca ANPA do CPI Castro Baxoi, que inclúa a posta a disposición dun espazo físico propio e unha contía económica suficiente que permita sufragar os gastos das diferentes actividades da asociación.
- Realizaremos as obras de mantemento oportunas no CPI Castro Baxoi e demandaremos a Xunta de Galiza os investimentos necesarios para a mellora das instalacións.
- Aumento de prazas nas escolas infantís municipais e do servizo de mañanceiros, comezando pola reapertura da Escola Unitaria de Xarío como escola infantil para dar servizo ás crianzas de Perbes, Vilanova e Costa Miño.
- Implantar unha rede de camiños seguros escolares.
- Promover actividades extraescolares municipais, para facilitar as relacións e integración entre as crianzas.
- Posta en funcionamento de bolsas para actividades extraescolares e mañanceiros para as familias máis necesitadas.
- Demanda de servizos comarcais como un conservatorio ou unha Escola Oficial de Idiomas.

**Perbes
Merece
Máis!**



Subministro e saneamento da auga

- Estudar a opción da remunicipalización dos servizos de traída e saneamento da auga.
- Rematar a rede de saneamento e depuración en todo o concello.
- Promover un uso racional das augas co establecemento de medidas de concienciación, aforro e racionalización dos recursos hídricos.

Rebaixa nas taxas municipais

É prioritario garantir os servizos básicos para calquera fogar, como o subministro da auga ou a recollida de lixo, por iso, bonificaremos as taxas municipais nos casos socialmente xustificadas.

IGUALDADE

Elaborar un plan de igualdade municipal.

Fornecer ao Servizo de Igualdade de recursos suficientes para que vele polo cumprimento do plan de igualdade e pola transversalidade das políticas de igualdade en toda actuación do concello.

Ofrecer un **servizo municipal de asesoramento e acompañamento a mulleres vítimas de violencia machista.**

Elaboración dun **plan de formación para o funcionariado municipal para que integren a visión de xénero en todas as áreas.**

Demanda dun **Centro de Orientación Familiar e dun Centro de Información á Muller comarcal.**

MODELO ECONÓMICO E ENERXÉTICO

Promoción económica

1- Diversificación da actividade económica desde a sustentabilidade ambiental e social

Promocionaremos un modelo económico que antepoña a calidade de vida fronte o lucro:

- Impulso do comercio de proximidade e do emprego autónomo, microempresas e pequenas empresas.
- Motivar as boas prácticas e promover a responsabilidade social e medioambiental.

2-. Promoción do comercio de proximidade

A aposta polo comercio de proximidade é chave para facer de Miño unha vila cohesionada e viva, por iso:

- Potenciaremos estratexias colaborativas entre os diferentes comercios.
- Crearemos unha bolsa de locais comerciais baleiros a prezo taxado, facilitando a recuperación da súa actividade económica.

**Carantoña
Merece
Máis!**



- Daremos prioridade ao abastecemento en mercados e produtores locais e apoiaremos as redes locais de distribución de alimentos así como ás cooperativas de consumo ecolóxico e local.

3-. Promoción e potenciación da feira dominical como forma de dinamización da economía local.

4-. Promover un centro de transformación agropecuaria na comarca para que produtoras e produtores poidan transformar e dar valor engadido ás súas colleitas.

5-. Cooperación coa confraría de Miño para potenciar e apoiar o sector do marisqueo.

Emprego

1-. Apoio ao emprendemento

Darase prioridade desde o concello á creación de cooperativas, favorecendo acceso a espazos de traballo, como o centro de coworking da Casa do Pescador.

2-. Garantiremos a inclusión laboral para os colectivos en risco de exclusión social.

Turismo

1-. Promoción do turismo sustentábel

Defendemos un modelo que poña en valor o patrimonio cultural, histórico, paisaxístico ou gastronómico de Miño e tendo en conta a poboación local como beneficiaria.

2-. Renovación do programa de festas

Medidas de eficiencia enerxética

1-. Implementación dunha estratexia de eficiencia enerxética e cambio cara as enerxías renovábeis que repercuta nunha redución do consumo de enerxía.

2-. Fomento da independencia enerxética, o autoabastecemento e o fomento das enerxías renovábeis promovendo a creación de comunidades enerxéticas locais.

3-. Fomento das enerxías renovábeis nas instalacións municipais.

Gasto público responsábel

1-. Incorporaremos criterios medioambientais, éticos e sociais na contratación e compras realizadas polo concello.

2-. Estableceremos criterios obxectivos e regrados para as convocatorias de axudas e subvencións, asegurando unha concorrencia igualitaria, que erradique a discrecionalidade na asignación e que estes se utilicen como unha ferramenta para a compra de vontades.

**Bemantes
Merece
Máis!**



CULTURA E PATRIMONIO

No BNG entendemos a política cultural como unha actividade inserida na realidade social e lingüística e non só como difusión de contidos, senón como apoio á creación, á produción propia, á investigación e ao asociacionismo cultural. Cómpre democratizar o acceso á cultura, partindo da súa natureza como un dereito, e promover a participación activa da veciñanza no labor cultural.

Posta en marcha dun plan municipal de apoio á creación artística e cultural local

Recuperación da toponimia tradicional

Mellora do mantemento e sinalización dos roteiros existentes e sinalización de novos roteiros en torno a elementos singulares.

Creación dun banco de memoria de Miño

Recolleremos as pegadas de persoas e colectivos de toda condición que contribuíron e contribúen a dotar a Miño dunha identidade propia; rexistrando material audiovisual, costumes, vivencias ou toponimia tradicional, poñer en valor este patrimonio inmaterial e etnográfico e que axude a amosar e preservar o noso legado.

Mellora da Biblioteca Municipal, reservando unha partida orzamentaria para actividades de fomento da lectura e dotarase de programación estábel durante todo o ano.

Colaboración coas asociacións veciñais para catalogar, manter e ampliar **axencias de lectura** nos locais sociais.

Promoveranse **programas municipais de educación** enfocados ao coñecemento do patrimonio natural, histórico, etnográfico ou artístico do propio concello a comarca co obxectivo de que o alumnado coñeza o propio patrimonio e aprenda a identificalo e valoralo.

Programación estábel de actividades culturais como teatro, música ou cine.

Dinamización dos locais sociais municipais cunha caixa de recursos compartida (megafonía, proxector e pantalla...) para facilitar a organización de actividades en todas as parroquias.

Recuperación das festas populares e da cultura tradicional.

Posta en valor das rutas do Camiño de Santiago do propio concello e da comarca.

Favorecer o asociacionismo cultural mediante a colaboración na programación municipal e nas festas e festivais do concello.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A nosa lingua é reflexo da nosa forma de ver o mundo. É o noso patrimonio máis importante e é fundamental conservalo e dignificalo a comezar pola propia institución municipal.

Fomento da lingua galega e posta en funcionamento dun plan de normalización lingüística, co fin de aumentar o seu uso e prestixio en todas as accións do concello e en todos os ámbitos e sectores do municipio.

**Callobre
Merece
Máis!**



Aprobación dun regulamento municipal de usos do galego para as contratacións e concesión de servizos municipais a empresas, así como a vinculación do cumprimento destes usos para a concesión de calquera subvención ou axuda pública dada a empresas ou entidades.

DEPORTE E ACTIVIDADE FÍSICA

Promover o deporte de base en colaboración cos clubs deportivos do noso concello.

Instalaremos cubertas en diferentes pistas deportivas e parques para facilitar o seu uso ao longo de todo o ano, como por exemplo as pistas da Galea, Bemantes, Perbes ou Costa Miño.

Facilitaremos a reserva de instalacións deportivas municipais para democratizar o seu uso, poñendo na web municipal un calendario e dando a opción de facer reservas de xeito directo e áxil.

Comarcalización do servizo de piscina de Betanzos.

UN RURAL VIVO

No BNG sempre apostamos por un medio rural vivo no que exista unha actividade económica e uns servizos necesarios que permitan fixar poboación e que viva e traballe e alí.

Entendemos que este é o único camiño para evitar o despoboamento das zonas rurais e, ademais, que poidan ser un motor económico para os concellos, neste contexto, é fundamental prestar e facilitar servizos básicos para a poboación que vive nas zonas rurais e deseñar saídas laborais adaptadas á realidade socioeconómica e ao desenvolvemento local.

Miño é un concello que debido ao seu clima e as características da súa terra ten un gran potencial para a produción agrícola, forestal e gandeira.

Potenciaremos e apoiaremos a produción e comercialización das variedades autóctonas que se producen no noso concello (tomate negro de Santiago, trigo da variedade Calobre ou cebola chata).

Facilitaremos a implantación de empresas e explotacións agrarias e tamén as de primeira transformación da produción agraria.

Promoveremos o consumo de produtos locais e de proximidade, potenciando a creación e consolidación de grupos de consumo local para articular a relación entre persoas produtoras e consumidoras.

Fomentaremos a adquisición de produtos locais (do agro e do mar) nos servizos municipais (escolas infantís, comedores escolares, centros de servizos sociais, etc.).

Leiro
Merece
Máis!



**Merecemos
Máis!**

